




Maqueta ABALAR 12

Maqueta ABALAR 12

Esta versión incorpora, entre outras novidades, unha nova contorna de escritorio chamada **KDE Plasma**, unha innovadora interface gráfica que lembra as contornas de ventás doutras plataformas.




O escritorio KDE Plasma

Unha experiencia de escritorio máis fluída, amigable e segura. Esta versión integra por defecto a [Navegación segura](#).




O escritorio KDE Plasma

O buscador integrado no menú de aplicacións ou **Inicio** pode localizar e lanzar as aplicacións directamente, buscar carpetas e arquivos, e aínda máis, pode facer cálculos empregando de antemán o signo $=$; por exemplo: $=\cos(90)$; $=10*8+(7-2)$, etc.




O escritorio KDE Plasma

No menú de aplicacións encontraremos as aplicacións que precisamos para traballar clasificadas por categorías.




O escritorio KDE Plasma

Entre as categorías podemos atopar a categoría de **Educación**, onde temos aplicacións como **Gcompris**, unha excelente suite educativa; **Klavaro**, un bo titor de mecanografía, e moitas máis aplicacións educativas.




O escritorio KDE Plasma

Outra categoría importante e **Internet**. Nela podemos atopar os navegadores máis habituais, como **Google Chrome** e **Firefox**, así como o **Recurso Samba en Profesor**, entre outras aplicacións.




O escritorio KDE Plasma

A suite Ofimática libre por excelencia é **LibreOffice**: **Calc**, excelente folla de cálculo; **Impress** crea estupendas presentacións e **Writer** crea e edita textos. Todos con múltiples formatos.



Apagando o equipo

Picando en **Aceptar**, apagamos o sistema. Ao pechar a tapa do ordenador o sistema durme (**Dormir**) consumindo moi pouca enerxía, permitindo que ao abrir de novo a tapa do *netbook*, este retómese rapidamente. Si picamos en **Hibernar**, o sistema garda o estado do equipo no disco duro (SSD) e apaga o equipo, pero ao acender de novo retómase no punto en que o deixamos. Na opción **Saír** péchase a sesión, requirindo logo do contrasinal de *usuario* que, por defecto, é “*usuario*”.





Conectando o equipo a unha rede

O equipo conéctase automaticamente á rede **ABALAR** do centro. Se o queremos é conectarnos a rede *Wifi* da casa, o procedemento é tan sinxelo como picar sobre a icona de rede, buscar a rede *Wifi* correspondente e logo picar en **Conectar** e escribir o seu contrasinal.




Conectando o equipo a unha rede

Picar sobre a icona de rede, buscar a rede Wifi correspondente e logo picar en **Conectar** e escribir o seu contrasinal.



Abrindo e retirando un pendrive

Despois de inserir no porto USB do equipo un pendrive ou calquera outro soporte extraíble, ábrese o cadro de diálogo de **Discos e dispositivos**, tendo logo que picar en **Montar e abrir** para poder ver o seu contido.




Abrindo e retirando un pendrive

Para retirar o pendrive con seguridade temos que picar na icona do pendrive da bandexa de sistema do panel inferior, e logo en **Retirar con seguridade** do cadro de diálogo *Discos e dispositivos*.




Abrindo e retirando un pendrive

Dende o **Xestor de arquivos Dolphin** tamén podemos retirar con seguridade o pendrive.




Engadir aos Favoritos

Usando o menú contextual, tecla esquerda do rato, atopamos o menú **Engadir aos favoritos** para engadir as aplicacións directamente á categoría de **Favoritos**.




Engadir aos favoritos

Na categoría de **Favoritos** podemos atopar aquelas aplicacións que engadimos previamente e que soen ser as que usamos con máis frecuencia.




Compartindo arquivos

Imos poder compartir arquivos co profesor ou coa profesora da nosa clase usando a aplicación ***Recurso Samba en Profesor***. O docente entregará os dous últimos números da IP do seu ordenador ao alumnado, e cada alumna e alumno o engadirá no seu equipo mediante ***Recurso Samba en Profesor***.




Compartindo arquivos

Logo, o profesor ou a profesora do curso pode ver e corrixir os arquivos do alumnado no seu equipo, sempre que o alumnado o garde na carpeta **Recursos Alumno en Profesor**. O Profesorado tamén pode compartir recursos co alumnado en **Recurso Profesor en Profesor**, pero o alumnado non pode editalos. Estas carpetas localízanse dentro do xestor de arquivos *Dolphin*.



Acerca da maqueta Abalar


Na categoría **Sistema** -> **Acerca da maqueta Abalar** dispoñemos da información técnica requirida sobre a nosa conexión á rede, como a **IP**, e outros aspecto que sempre nos soen pedir cando temos que documentar unha incidencia do noso dispositivo, como o modelo, o número de serie ou a data da actualización ou clonado do equipo. Tamén, podemos obter un código **QR** para enviar os datos nunha incidencia directamente.



Maqueta Abalar 12

Licenza

Esta obra, elaborada por **AMTEGA**, está baixo unha licenza *Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional* de Creative



Para ver unha copia da licencia, visite:

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>